

## DOCUMENTO ADXUNTO

### PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016- 2019

#### **LIÑA 2 PEL EMPRENDE: Axudas para o fomento da iniciativa empresarial entre xóvenes emprendedores da provincia.**

Con elas a a entidade provincial quere apoiar a creación de empresas no ámbito local e contribuír a dinamizar a actividade empresarial na provincia e fortalecer o tecido produtivo a nivel local.

As axudas van dirixidas a mozos e mozas de entre 25 e 35 anos empadroados en concellos da provincia que promovan iniciativas empresariais de nova creación no ámbito provincial, tanto persoas físicas coma xurídicas.

A finalidade da subvención consiste en apoiar aos promotores na posta en marcha da súa idea de negocio, a través de incentivos ao investimento en bens inventariables necesarios para a realización da súa actividade empresarial.

As axudas cubrirán investimentos de ata 40.000 euros (excluído o IVE), dos cales o cincuenta por cento como máximo poderá ser subvencionado pola Deputación. Os gastos subvencionables son os relacionados con aplicacións informáticas, maquinaria, utillaxe necesario para a realización da actividade, mobiliario e equipos para o proceso de información.

Un dos requisitos respecto dos investimentos é que ha de tratarse de investimentos en elementos novos, directamente relacionados coa actividade, non cedidos a terceiros, con ou sen contraprestación e que non foran fabricados pola empresa solicitante.

Na valoración das solicitudes teranse en conta, entre outros aspectos, o carácter innovador da empresa, o sector profesional, dando relevancia a aquelas que desenvolvan a súa actividade no ámbito do medio ambiente, as enerxías renovables e a empresas con base tecnolóxica, así como aquelas que apliquen medidas de responsabilidade social empresarial.

#### **LIÑA 3 PEL PEMES: Axudas para a creación ou ampliación do cadro de persoal de Pemes e micropemes en calquera das modalidades xurídicas existentes, con domicilio fiscal en concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes.**

Con elas a a entidade provincial quere apoiar ao tecido empresarial da provincia, contribuír á inserción laboral das persoas desempregadas e favorecer o emprego estable e de calidade

A finalidade da subvención consiste en apoiar ás empresas para a creación ou ampliación do seu cadro de persoal, mediante a contratación laboral de persoas en situación de desemprego.

Cada empresa solicitante poderá contratar como máximo a unha persoa traballadora por un período mínimo de doce meses, non sendo admisible máis dunha solicitude por empresa.

A axuda cubre o 75% dos custos salariais totais da persoa traballadora incluídas as cotas á Seguridade Social, non sendo subvencionables outros conceptos derivados da contratación.

A axuda é compatible con calquera outra axuda pública para os mesmos conceptos, non podendo en ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade, ser superior ao custe do persoal subvencionado.

As persoas a contratar deberán cumprir unha serie de requisitos, como son, estar empadroadas en calquera dos municipios da provincia da Coruña, estar en situación de desemprego no momento da contratación e inscrita como demandante de emprego no servizo público de emprego correspondente, non ter mantido unha relación laboral coa empresa beneficiaria da subvención dentro dos tres meses anteriores á data de contratación obxecto de solicitude da subvención, non ter relación de parentesco coa persoa empregadora e non ostentar cargos de dirección ou ser membros dos órganos de administración das entidades beneficiarias.

Entre os criterios que se terán en conta para a concesión das axudas , están entre outros, a duración da contratación, o perfil profesional da persoa a contratar, o número de persoas traballadoras na empresa, a ubicación da empresa ou os medios polos que se realiza a selección do persoal a contratar.

### **Recordatorios xerais:**

- As Bases de ambas as dúas liñas de subvención poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 10 de 16 de xaneiro de 2017) ou premendo na seguinte ligazón: [http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2017/01/16/2017\\_0000000231.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2017/01/16/2017_0000000231.pdf)

- As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da páxina web da Deputación da Coruña [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal) (plataforma SUBTEL).

- O **prazo de presentación** de solicitudes permanecerá **aberto ata as 14.00 horas do 3 de marzo de 2017.**

- Na web <https://emprego.dacoruna.gal/> pode consultar información actualizada do Plan de Emprego Local.